



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE XULLO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Lucía Blanco García.

Dna. Noelia Montero Candal

D, Luis Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías.

Dna. Cristina Cadena Freire

ASISTENCIA TELEMÁTICA

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

Sr. Secretario-Acctal

D. José A. Carballo Feijoo

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinte minutos do día vinte e sete de xullo do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal D. José A. Carballo Feijoo.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 15 de xuño de 2020 e 14 de xullo de 2020.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que cree que hai unha errata na acta do 14 de xullo, na intervención do Alcalde, porque no regulamento dos non empadroados onde deixan un vehículo por vivenda logo di "a Alcaldía que son dous para que podan vir os fillos a casa".

Responde o Sr. Alcalde preguntando en que páxina.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non sabe a páxina é no debate do regulamento, entón nós ímonos a abster aínda poñendo esa cuestión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que os empadroados que non paguen o rodaxe teñen dúas tarxetas e os que paguen rodaxe todos, os que non paguen rodaxe pero están empadroados máximo dous, e un residente temporal unha tarxeta pero non está empadroadado, o empadroadado dous ou sexa, empadroados que non paguen o rodaxe dúas tarxetas, residentes





temporais que non pagan o rodaxe e non están empadroados unha tarxeta, non imos a tratar aos empadroados igual que aos non empadroados.

Intervén a Sra. Cadena Freire dicindo que está empadroadada pero non paga rodaxe aquí e me din que non teño dereito a nada.

Responde o Sr. Alcalde preguntando que dixo iso.

Intervén a Sra. Cadena Freire dicindo que o Sr. Mayobre.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que ao estar empadroadada aquí tes dereito a dúas tarxetas, iso significa que si tes tres coches un queda fóra, de todos modos como dixemos todo isto é froito dunha necesidade e dunha situación urxente e veremos como funciona, porque si co criterio das dous vémonos con 7000 tarxetas está claro que non hai 7000 aparcadoiros entón a tarxeta verde cando os aparcadoiros verdes non chegan é absurdo entón, a primeira impresión era que había para todos cando empezamos as solicitudes con oito e nove coches xa vimos que o reducimos pero ao mellor hai que seguir reducindo, eu non descarto que teña que ser como dixo o Sr. Mesías o primeiro día, só coches que paguen rodaxe, non o descarto porque isto se está saíndo de madre, si ao final vai ter tarxeta verde todo o mundo para que as pintamos mellor non facer nada, o que si sigo insistindo e que as presións polo control son brutais e Ferrol acaba de dar un paso brutal, vai meter aos de Multacar a unha empresa privada a multar nas cinco praias que teñen Santa Comba, Doniños é dicir todas porque as están apertando porque xa estamos na segunda ola, a segunda ola existe, non o din pero xa estamos na segunda ola e posiblemente estaremos nuns parámetros parecidos nos que aquí había antes que é esa transmisión silenciosa que xa estaba aquí en outubro do ano pasado e hasta marzo no se tomou ningunha medida, efectivamente estamos nunha situación moi complicada, xa hai transmisión comunitaria e a gran diferenza e que hai menos mortalidade porque estamos máis preparados a sanidade está descolapsada e a única diferenza que hai aquí. O paso de Ferrol é brutal, permiten aparcarse seis horas e a partir de aí entra Multara a denunciar todos os coches que están máis tempo Valdoviño, Cabanas, Ferrol e a única forma que temos de controlar que pasa, que o resto dos concellos actúan nas praias pero nos vemos unha praia no casco urbano entón temos que actuar no casco urbano porque a xente entra polo Mazote e se dispersa por todo Ares, é unha situación complicada, non descarto que poda haber máis modificacións pero en principio o que vai a misa é a ordenanza.

Sometida a votación a aprobación das actas correspondentes as sesións do día 15/06/2020 e 14/07/2020 o concello pleno por 11 votos a favor (7 PSDG-PSOE, 1 NAL, 3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Convalidación da Resolución da Alcaldía Presidencia núm. 258/2020 de 17 de xullo de 2020, pola que se presta aprobación o Expediente de Modificación de Crédito Suplemento Crédito núm. 05/2020 financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais COVID-19.

Dáse conta da proposta da Alcaldía-Presidencia "Convalidación da Resolución da Alcaldía Presidencia núm. 258/2020 de 17 de xullo de 2020, pola que se presta aprobación o Expediente de Modificación de Crédito Suplemento Crédito núm. 05/2020 financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais COVID-19" de data 15 de xullo de 2020 que a continuación se transcribe;





PROPOSTA

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NUM. 2020/5 MC SC FINANCIADO CON REMANENTE DE TOSOURERIA PARA GASTOS XERAIS DE LIBRE DISPOSICIÓN

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art . 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, visto que como resultado da aprobación da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2019 veifícase a existencia de Remanente de Tesoureiria para gastos xerais (en adiante RTGX).

Considerando artigo 3 do Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID- 19: "Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2019 y aplicación en 2020 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

- El superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2019 se podrá destinar para financiar gastos de inversión incluidos en la política de gasto 23. "Servicios Sociales y promoción social", recogida en el anexo I de la Orden EHA/3565/2008, de 3 de diciembre, por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de las Entidades Locales, previa aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. Asimismo, dentro de aquella política de gasto, se considerarán con carácter excepcional ya los exclusivos efectos de este artículo, incluidas las prestaciones señaladas en el punto 2 del artículo 1 de este Real Decreto-ley.

Asimismo, será de aplicación el régimen de autorización recogido en el último párrafo del apartado 1 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo."

PROPONSE:

Primeiro. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número 2020/5 MC SC

1" Aprobación do suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 160.000,00 €.

APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
---------------	--------------	---------





132.22104	Seg. E orden público. Vestuario.	10.000,00
135.21400	Prot. Civil. Elementos de Transp.	6.000,00
231.22699	Acción social. Outros gastos	10.000,00
231.48000	Acción social. A fami. E inst. sin fins de lucro.	10.000,00
453.22699	Carreteras. Outros gastos	44.000,00
453.61000	Carreteras. Inversión terreos	21.000,00
920.22104	Admon. Xeral. Vestuario.	20.000,00
161.61000	Abast. Dom. Agua potable. Invers. terreos	60.000,00
		181.000,00

Ares, 15 de xullo de 2020

O ALCALDE

Dáse conta do informe de Secretaria sobre a "**Modificación de Crédito Suplemento Crédito núm. 05/2020 financiado con Remanente de Tesoureria para gastos xerais COVID-19**" de data 17 de xullo de 2020 que a continuación se transcribe;

Mediante Proposta da Alcaldía de data 15 de xullo de 2020, efectúase proposta de expediente de modificación de créditos n.º 05/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesoureria para gastos xerais de libre disposición

Esta Secretaría, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. As circunstancias excepcionais acontecidas a nivel global debidas á evolución temporal e xeográfica do brote de COVID-19, levaron ao Goberno a tomar numerosas medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social desta pandemia; permitíndose entre elas que as Corporacións Locais poidan destinar o seu superávit do exercicio 2019 a financiar as axudas económicas e todas as prestacións de servizos xestionadas polos servizos sociais de atención primaria e atención á dependencia.

É dicir, até ese momento a Disposición Adicional Sexta da LOEPYSF foi prorrogándose anualmente; pero neste exercicio 2020, a crise sanitaria ha motivado que o Real





Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, desenvolvido polo Real Decreto-Lei 11/2020, de 31 de marzo, autorice o destino do superávit de 2019 aos únicos efectos do referido Real Decreto Lei, é dicir, só para gastos en políticas sociais por efecto do COVID-19 incluídos na política de gasto 23

«Servizos Sociais e promoción social», cumpríndose en calquera caso os requisitos establecidos na Disposición Adicional Sexta da LOEPYSF.

SEGUNDO. Así visto, esta autorización excepcional do destino do superávit de 2019 establece dúas posibles formas de aplicar o superávit orzamentario derivado da liquidación do exercicio 2019:

Amortización de débeda (artigo 32 da LOEPYSF).

Financiar gastos incluídos na política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social» (artigo 3 de o RD-Lei 8/2020).

TERCEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.
- O artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Os artigos 177 e 182 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 32 e Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- O artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.





- O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

CUARTO. O órgano competente para a súa aprobación de maneira excepcional e tal e como establece o artigo 20.2 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, en relación co 21.1 da **Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, será o Alcalde mediante decreto ou resolución.**

Tales decretos ou resolucións serán obxecto de convalidación no primeiro Pleno posterior que se celebre, esixíndose para iso o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

QUINTO. Aos efectos de poder tramitar de maneira urxente a aplicación de devandito superávit de 2019 ás políticas sociais do grupo 23, e tal e como establece o artigo 20.2 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo non será necesaria a aplicación das normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se retire o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de maneira excepcional para esta modificación orzamentaria.

SEXTO. Á súa vez débese ter en conta que segundo o apartado 3 do artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, as Entidades Locais que destinen superávit a gastos en Servizos Sociais e promoción social, con carácter trimestral esta Entidade Local deberá remitir a través da plataforma electrónica habitada ao efecto a información sobre este tipo de gastos incluída no formulario normalizado do Anexo III do Real Decreto-Lei 11/2020, detallando que parte de devanditos gastos se destina ás distintas prestacións, investimentos ou transferencias autorizadas. Ademais, para completar esta información, indicarse o límite individual de superávit aplicable e o remanente de superávit non utilizado, de conformidade cos calculos que os efectos de aprobación deste expediente realice a intervención.

Dita remisión realizarase por parte das intervencións ou unidade que exerza as súas funcións, con periodicidade trimestral e coo é habitual, polos medios electrónicos que o Ministerio de Facenda habilite ao efecto.

SÉTIMO. O procedemento aplicable será o seguinte:

Ante a existencia de circunstancias excepcionais acontecidas a nivel global debidas á evolución temporal e xeográfica do brote de COVID-19, autorizadas as Corporacións Locais a que poidan destinar o seu superávit do exercicio 2019 a financiar gastos incluídos na política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social», instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario por aplicación do superávit orzamentario en base a devandito artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2020.





De conformidade e cos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 32 e DÁA 6ª da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitíranse informes polo órgano Interventor verificando por unha banda, o cumprimento dos requisitos necesarios para a incorporación do superávit orzamentario, o destino de aplicación e o importe correspondente a cada un deles; e por outro, a propia modificación orzamentaria.

De conformidade e cos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 32 e DÁA 6ª da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitíranse informes polo órgano Interventor verificando por unha banda, o cumprimento dos requisitos necesarios para a incorporación do superávit orzamentario, o destino de aplicación e o importe correspondente a cada un deles; e por outro, a propia modificación orzamentaria.

Coñecido o destino posible de aplicación do superávit, deberáse xustificar que a aprobación do crédito extraordinario, as aplicacións orzamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que deben financiala.

Debe indicarse en calquera caso que se autoriza o uso do superávit tanto para financiar gastos de investimento incluídos na política de gasto 23 «servizos e promoción sociais» como os gastos derivados do financiamento de proxectos e contratacións laborais necesarias para o desenvolvemento das prestacións incluídas no punto 2 do artigo 1 do RD-Lei 8/2020

Dita proposta non incluírá una parte específica sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento (DA 16ª apartado 6 do Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais) posto que nin o artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020 nin o 20 do Real Decreto-lei 11/2020 dispoñen que cuestións deberían cumprir este tipo de gasto en política social para poder acreditar a consistencia e soporte de devanditas proxeccións e a súa sustentabilidade e viabilidade económica en 5 anos. Por este mesmo motivo, tampouco será necesario Informe de intervención que acompañe dita memoria específica. Neste sentido lembrar que o propio artigo 3.1 último parágrafo do Real Decreto-lei 8/2020 respecto de DA 16 do Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais establece expresamente que só se aplican os preceptos de devandita disposición referidos ao réxime de autorizacións «(...) será de aplicación o réxime de autorización recollido no último parágrafo do apartado 1 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo».]

D. Tendo en conta o indicado no artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, procederase á aprobación de devandita modificación mediante resolución ou decreto o Alcalde, sen resultar de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se retire o artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.





Aprobado o mesmo levará ao Pleno para o súa convalidación na primeira sesión que se celebre, esixíndose para iso o voto favorable da maioría simple e posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

OITAVO. O superávit defínese como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos consolidados. En base á regulación do destino do superávit orzamentario, establécense dúas formas de aplicar o mesmo:

- A aplicación do propio artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, como regra xeral.
- As excepcións á aplicación xenérica do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Para a súa aplicación, ademais de estabilidade orzamentaria, a Entidade deberá contar cun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo o límite do volume de endebedamento.

NOVENO. Visto o estado de alarma proclamado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

É evidente que coas medidas adoptadas no estado de alarma e o desescalado iniciado coas medidas de flexibilización de carácter social, é lóxico pensar que a pandemia reduciráse como está a pasar, superándose unha grave crise sanitaria dunha magnitude ata a actualidade descoñecida que levou a colapsar a sanidade española e supuxo un auténtico drama para numerosísimas familias pola letalidade do mesmo e o engadido da paralización do sector económico como nunca se había visto en Europa na recente historia moderna.

Vista a exposición de motivos do ROL 8/2020 na que textualmente se sinala: "la prioridad absoluta en materia económica radica en proteger y dar soporte al tejido productivo y social para minimizar el impacto y lograr que, una vez finalizada la alarma sanitaria, se produzca lo antes posible un rebote en la actividad".

Vista a necesidade de que todas as entidades do sector público coadiuemos a lograr ese obxectivo e tratar de que o impacto económico e social destacrise sanitaria sexa o menor posible e durante o tempo mais limitado posible.

Vistos os principios xerais aos que se atopa sometida a actuación de todas as Administracións públicas e que deben rexer as relacións entre as mesmas (art. 3.1 da LRX 40/2015; boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional; responsabilidade pola xestión pública; economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aofinsinstitucionais; cooperación, colaboración e coordinación).

En todo caso e na actual situación derivada da crise sanitaria, as prestacións efectuadas poden sufrir diferentes incidencias, tales como a necesidade de garantir a execución de determinadas prestacións para atender mellor os servizos públicos esenciais que presta o concello e aqueles que reciben os cidadáns mais vulnerable ante esta situación, en especial o comercio e autónomos.





DÉCIMO. En virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para a aplicación do superávit orzamentario ponse de manifesto co cumprimento dos seguintes requisitos:

- Estabilidade orzamentaria positiva. Nesata entidade, sendo que na liquidación de 2018 de data 24 de abril de 2019, entendida nos termos do artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira e aos efectos deste procedemento, o dato de Estabilidade orzamentaria da un saldo en

Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo.

Senda o dato do importe do Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais a 31 de decembro de 2019 de Remanente de tesorería para gastos xerais : 1.082.401,20 euros, cumpre o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo.

- **Volume de endebedamento.** Senda o importe da débeda viva existente da entidade a 31 de decembro de 2019 de 1.698.608,90 €. cunhos ingresos ordinarios correntes na liquidación do exercicio 2019 por importe de 6.427.791,60.

ÚNDECIMO. Tal e como se establece na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para a aplicación das regras especiais para o destino do superávit orzamentario, deberase cumprir ademais que:

- Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado, descontado o efecto das medidas especiais de financiamento instrumentadas no marco do Plan de Pago a Provedores, sexa positivo na liquidación do exercicio 2019.
- A Débeda Viva sexa inferior ao límite legal de conformidade co réxime de autorización do artigo 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (inferior ao 110% sobre os ingresos correntes liquidados no exercicio anterior), dando a entidade un dato de 26,42 % sobre os ingresos correntes liquidados (6.427.791,60 €.), polo que cumpre o requisito de débeda viva.
- Caso de tratarse de Inversións Financeiramente Sostibles O período medio de pago aos provedores non debe superar o límite legal previsto na normativa de morosidade.

A metodoloxía do cálculo do PMP das Administracións Públicas foi modificada polo RD 1040/2017, DE 22 DE DECEMBRO POLO QUE SE MODIFICA O rd 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica EPYSF.

Co fin de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, a nova metodoloxía queda alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, desde a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados (o conforme da factura que aproba que o servizo está feito ou o suministro está entregado), en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio





do prazo de cómputo se producía desde o 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

Polo tanto, non se modifica o prazo de pago a provedores, que sigue estando en 30 días, pero o cálculo do PMP empezárase a computar a partir da aprobación das facturas e non, como ata entón, que se producía desde os 30 días seguintes á entrada das mesmas.

DUODÉCIMO. En canto ás regras especiais para o destino do superávit orzamentario, no ano 2020 e aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, a orde de aplicación do superávit orzamentario para os destinos alternativos propostos pola Disposición Adicional Sexta sera o seguinte:

- Deberá destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional a atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de "Acredores por operacións devindicadas", ou equivalentes e a cancelar co posteiroridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.
- Se cumprido o previsto no apartado anterior tivéese un saldo positivo, este poderase destinar a financiar investimentos sempre que a o lonto da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable.
- En virtude do establecido pola Disposición Adicional Décio sexta do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo RealDecreto Legislativo 2/2004, de 5 de amrzo: "O expediente de gasto que se tramite incorporará una memoria económica específica, suscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterà a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil"
- Actuará como límite o importe do obxectivo de estabilidade orzamentaria para a previsión da liquidación do exercicio 2020.
- No caso de que, atendidas as obrigas anteriores, o importe sinalado anteriormente mantivécese con signo positivo, este destinarase a amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes.

DÉCIMO TERCEIRO. En base ao exposto anteriormente, exponse os datos da entidade:

- Conta 413, a 31 de decembro de 2019, de «Acredores por operacións pendentes» e outras equivalentes, cun saldo de 151.367,74€.
Liquidados e aplicado ao orzamento.
- Previsión do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria do exercicio 2020, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cun resultado estimado de 100.000.00€.

DÉCIMO CUARTO. A Disposición Adicional 6ª, parágrafo 4º da lei Orgánica 2/2012, de 17 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira "Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario" Establece:





4. El importe del gasto realizado de acuerdo con lo previsto en los apartados dos y tres de esta disposición no se considerará como gasto computable a efectos de la aplicación de la regla de gasto definida en el artículo 12.

DÉCIMO QUINTO. Á vista dos resultados expostos por este Informe de secretaría, conclúese:

O cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional Sexta:

Financiar gasto corrente por importe de 181.000,00€ incluídos no marco de medidas extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

- Total: 181.000,00€

Informando favorablemente o presente expediente de modificación de créditos 05/2020 -suplemento- para a aplicación do remanente orzamentari.

Ares, a 17 de xullo de 2020

O Secretario

Intervén o S. Alcalde sinalando que isto é o modificado de crédito que por razón do COVID-19 a lexislación especial aprobada permite aprobala por resolución da Alcaldía e levala a convalidación a pleno, en consecuencia é un procedemento extraordinario e efectivamente houbo que sacar cartos extraordinarios para axudas sociais, aparcadoiros, para todas esas cosas que tivemos que facer a maiores, para os corenta mil euros de subvención que non estaban no orzamento, nada de esas partidas estaba no orzamento, o fomos facendo a machado pero agora hai que convalidar eses cambios porque efectivamente eses cartos foron destinados a imprevistos e agora hai que darlle forma a través un modificado de crédito, esa é a razón da convalidación é dicir, fíxose primeiro e agora aprobase despois cando o trámite ordinaria é que se aprobe primeiro para executar despois pero co COVID-19 habilitouse así en toda España e en consecuencia pois ven a convalidar esa resolución.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e o bo día a todos/as é sinala que é certo que a nova lei extraordinaria é esta que supón que poida ser o Alcalde quen acorde mediante decreto unha proposta sobre modificación crédito e tería o seu sentido debido a urxencia da situación, o que pasa é que non entendemos moi ben como logo ten que haber ese trámite plenario, porque realmente se ten que haber un trámite plenario podería ser un trámite ordinario, quero dicir, non ten que aprobar o Alcalde mediante decreto senón que podería ir aínda facendo a proposta a Alcaldía, ir a comisión de facendo e logo tráela ao pleno porque, digamos que o brazo sería o mesmo, outra cousa é que digan que iso posibilita a aprobación por parte dun decreto da Alcaldía posibilita acelerar os pasos ou os tempos, pero non é así entón, non sendo así non estamos moi de acordo en que isto non se levara a discutir e despois na documentación que se nos presentan veñen unhas partidas que entendemos que é de onde se sacan os cartos a aplicación orzamentaría a denominación máis o importe pero non ven o





destino, non se si é unha cousa xeral ou unha cousa moi concreta, nos eses datos non os temos, a maiores disto si que hai un tema que nós non imos a pasar que é o feito de que a última partida, abastecemento de auga potable, inversión en terreos, nós entendemos que iso non se debería tocar.

Interrompe o Sr. Alcalde sinalando que iso incrementase, sae do remanente de tesourería, non é un movemento entre partidas e coller o remanente que non nos deixaban pola regra de gasto, é coller remanente non o sacamos de ningunha partida é dicir, incrementamos partidas collendo do remanente en vestiario 10000€, protección civil 6000€, acción social 10000€, estradas 44000, carreteiras-inversión de terreos 21000€, inversión xeral 20000€ e en abastecemento de auga 60000€ é dicir, estes 60000€ de abastecemento de auga é a compra dos terreos para os depósitos de tres mil metros cúbicos que hai que facer para resolver definitivamente o tema do auga. Porque vai ágora isto, porque antes de facer o proxecto non sabíamos as cotas non sabíamos onde tiñan que ir nin como, agora que Augas de Galicia que tivo todo parado durante a pandemia xa nos dixo as cotas e xa nos sinalou o área e xa negociamos con propietarios entón xa sabemos o prezo e estes 60000€ non soamente vai para iso, tamén vai para reparacións ou algo así, houbo unas roturas en Cervas que meten medo pero ademais é a compra dos terreos para os novos depósitos que no pode esperar porque é unha situación que unha vez que xa sabemos a cota e o sitio pois canto antes os compremos mellor.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías sinalando que rectifica toda a súa intervención anterior, si que é certo que confieime porque cando vin outras propostas de modificación de crédito, entón rectifico a intervención anterior e deixo que continúe o debate.

Toma a palabra o Sr Alcalde dicindo que nunca podería traer nada a comisión porque non sabíamos os números é dicir, a nos ca pandemia permitimos gastar, permitimos que se gaste máis en servizos sociais, permitimos que protección civil e a policía gastara máis, permitimos máis gastos e agora unha vez que o temos, temos que arranxar o oco, entón agora unha vez que o sabemos porque antes non sabíamos o impacto da pandemia, non sabíamos canto ían a custar os terreos para os novos depósitos entón claro, agora si porque xa vimos o que gastamos de máis entón traemos o modificado de crédito cas cantidades que vimos que eran necesarias, antes era imposible traer un modificado de crédito porque primeiro non estaba nin aprobado, isto é una medida extraordinaria que nos deixaran gastar estes cartos por razón do COVID-19 e cando nos deixaron facelo non sabíamos canto íamos a gastar, agora si, por iso o traemos agora, porque xa coñecemos os prezos e non íamos a traer uns cartos para comprar terreos se non sabíamos o que había que mercar nin o que valía, por iso digo, que non podíamos traer a comisión ningunha información previa porque non sabíamos o importe.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no fondo nas obras que van estamos de acordo, o que non entendemos é a finalidade creemos que segundo o RD 8/2020 do 17 de Marzo di claramente que se faga o orzamento das entidades locais correspondente ao ano 19 se poderá destinar a financiar gastos incluídos na política de gastos, servizos sociais e de condición social quero dicir, que nos aquí en todas estas obras que nomeaches creemos que debían de vir aquí, aínda que estamos de acordo nas obras eu creo que isto habería que separalo e exclusivamente meter aquí o tema do COVID-19, por todo elo nos vimos a votar en contra porque creemos que non cumpren con obxectivo pero si, estamos de acordo que se ten que facer outro modificado de crédito e que se traia.





Responde o Sr. Alcalde sinalando que as obras non son nominais, as obras nun modificado de crédito incrementas partidas e que se incrementan gasto, esas obras entón que ti ves aquí carreteras, inversión terreos, administración xeral- vestuario, son as partidas pero por exemplo, a compra das pantallas, teñen que ir a vestuario non hai outra forma de métego que vos creedes que isto é roupa non, aí están as pantallas, as mamparas en que partida crees que poden ir, en administración xeral.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que fan eco do Real Decreto, hai algunhas que non deberían de entrar aquí, debería facerse outro modificado de crédito quitando as obras que non tiñan que vir aquí.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que efectivamente o COVID-19 tamén xustifica a mellora por razóns sanitarias, si temos a posibilidade de poder meter nun modificado de crédito por razón do COVID-19 que depende do Alcalde e da súa convalidación no pleno nada máis, si temos a posibilidade de ter obras de auga que afecten por razón sanitaria, porque vamos a esperar a outro modificado coa tramitación ordinaria e cos obstáculos da tramitación ordinaria.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non di que haxa que esperar podían vir dous.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que non poden vir dous xa que o único que autorizaron é este, de momento o único que autorizaron foi este o do COVID-19, o ordinario non está autorizado e o ordinario si se nos quedan co remanente non se autoriza nunca que están barallando quedarse co remanente dos concellos, porque vamos a esperar, o único modificado de crédito que é posible é este e resulta que vades a votar en contra, pois é o único que podemos facer, non hai outro, entón como non vamos meter isto aquí o que pasa é que hai que meter as partidas agachado, onde meto as macarillas, pantalla, hipoclorito ou xel en que partida vai, pois ten que ir aí, onde metemos as subvencións dos comercios e da hostalería entón, os títulos das partidas parecen descabellados pero é onde atopamos meter na partida porque é onde ten que estar financeiramente construído, tes que ter cartos na partida na que vai, as partidas son xeneralistas pero ten que ser gastos do COVID-19 porque logo facenda non se fixa na aplicación das partidas orzamentarias, facenda mira as facturas e di esta si pode por razón do COVID-19 e esta non, entón nos que aprobamos, a aplicación orzamentaria pero logo facenda mira o gasto da aplicación en temas do COVID-19 é un tema delicado, é algo importante, acabamos de pasar unha pandemia, é o único modificado posible porque o ordinario non o aproba facenda, aprobou só este e non vexo razón para votar en contra cando estamos apertados por mil temas e temos que atopar cartos para pagar todas esas historias cousas que efectivamente non se contaban non en outubro nin en novembro nin en decembro, son gastos extraordinarios e para ser gastos extraordinarios nos limitamos a gastar o que todos os anos gastamos, todos os anos facíamos un modificado de crédito entre 160 e 180 mil euros o que pasa é que antes ía para o que quixeramos e agora vai exclusivamente para temas vinculados ao COVID-19 pero ben, en calquera caso explicado o voto está.

O Sr. Alcalde abre a segunda queda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que na táboa si que da lugar a equívoco porque como comentou o Sr. Alcalde noutras circunstancias, esta situación do COVID-19 e os gastos que estaba xerando todo isto ía a impedir arranxar algúns camiños e algunhas obras quedarán para mais adiante, isto foi o que a nos nos deixou así un pouco noqueados porque aí o que vimos foi





estradas- inversión terreos entón entendo que isto é destinado a aparcadoiros e todo isto, nós vimos a votar a favor a pesar de que o facemos a risco de non saber a concreción dos destinos, porque digamos que o destino do gasto o teñen claro que é o que acaban de citar agora que é todo o que ten que ver cos xeles, mascarillas, pantallas e todo isto quero dicir que todos eses elementos que se lle vai a dar o destino dos cartos vostedes o teñen claro, esa é a información que a nós nos gustaría ter para poder votar de maneira afirmativa de maneira consciente, desta maneira o que vemos é unha visión xeral do que vostede acaba de dicir con estas partidas que ben, debido ao estado no que estamos, non o solemos facer, pero debido ao estado no que estamos imos a darlle a aprobación tamén porque entendemos que o problema máis grave que hai en Ares, incluso tan grave como o COVID-19 o que hai é unha previsión ante o que poida haber, hai un problema moi grave que é o problema do abastecemento e todas as partidas que vaian a obra de abastecemento nós ímonos a aplaudir porque son urxentes e necesarias, polo tanto nós imos a votar a favor. Gustaríanos saber tamén onde van ir situados os terreos.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que os terreos van a ir uns no Alto de Simou, na zoa máis alta de todo Ares, a inversión máis importante vai aí, e fíxate se a cota é complicada que teñen que ir soterrados porque si aínda encima van en torre aínda peor porque hai que levar o auga a esa zoa máis alta, fanse uns depósitos que case non teñen impacto visual porque veñen soterrados porque efectivamente de onde ven o auga permite unha cota, se os depósitos son en vertical non se enchen ata enriba, efectivamente é un tema moi delicado pero xa temos as cotas e a situación en consecuencia vemos tamén o custe dos terreos. Agora mesmo a tubaría de impulsión a Cervas cada 12 metros ten una soldadura, e efectivamente acusa de roturas, iso pode pasar en todas as tubarías pero nesa tubaría acontece de maneira especial porque cada 12 metros hai una unión. Esas soldaduras cando se fixeron chovía, fíxose nun inverno de moi mal tempo e vese que non quedaron ben que rompen cada dúas por tres, fai quince días rompeu por dous sitios e o venres da semana pasada rompe unha tubaría de 90 non a tubaría de impulsión, senón un ramal porque metendo unha tubaxe de alcantarillado o da máquina rebentou unha tubaría de 90, iso provocou que o depósito de Cervás quedara baleiro, que é un depósito de 500 metros cúbicos, esas dúas avarías que se detectaron xoves e o venres e o sábado provocaron que o depósito quedara baleiro ese fin de semana, recuperou luns, martes, xoves e venres, e o venres metendo a tubaría do alcantarillado romperon outra vez a tubaría iso significa que agora o que da enchido polo día non hai reserva é dicir, en inverno o depósito está cheo porque non se consume todo, hai acumulado, todos os días se consumen 200 metros cúbicos se tes un depósito de 500 todos os días quedan 300 ninguén que sen auga, se baleiras totalmente todos os días metes 200 e se consumen 300, cando digo 300 e fin de semana por semana se consume 160, 167, 180 é dicir vai quedando 7 ou 8 toneladas de auga, chega o sábado e se consume 206 consume máis do que ten e queda sen auga entón ante domingo a partir das oito da tarde quedaron sen auga porque, porque o que carga o consumes no día, non hai reserva porque se consume totalmente entón efectivamente é unha situación complexa efectivamente que determino iso, tivemos que arranxar tres avarías contratando empresas, son avarías complexas, pero agora resulta que temos uns depósitos en Cervas que cargan todos os días 200 metros cúbicos e son os que se consumen, e non hai capacidade para recuperar os 300 e o peor de todo, cando os depósitos de Cervás quedan a un determinado nivel as bombas que as enchen saltan automaticamente porque queda sen auga porque unha cousa e non ter presión e outra é quedar sen auga, cando quedemos sen auga e porque efectivamente as bombas empezaron a bombear o depósito de Cervas pero o depósito de Cervas está baleiro é dicir, pois temos un problema, a can fraco todo son pulgas, cando xa tiñamos os problemas de presión este ano se nos baleira o depósito de Cervas a segunda semana de xullo porque efectivamente se quedara baleiro en xuño houbérase recuperado teríamos os 500 metros





cúbicos, queda baleiro a segunda semana de xullo cando a partir de aí ven un montón de xente e agora estamos metendo o que se consume e non hai reserva entón ben, son situacións completas, as estamos xestionando é unha situación complicada e agora temos que intentar que o depósito recupere porque senón recupera o bombeo lle quita a auga a Ares co que as boas altas de Ares quedan sen auga, é unha situación que nunca pasou porque o depósito de Cervas nunca quedou baleiro pero houbo tres avarías complicadas e as tubarías rompen que lle vas a facer, por iso digo que efectivamente aí tamén hai que meter cartos, non son avarías de dous duros e aínda encima na estrada da deputación sabedes o que fixeron ca tubaría do auga, meteron unha capa de formigón polo tanto para chegar a tubaría custa máis porque hai unha capa de trinta centímetros e que aviso, como lle poñen unha capa de trinta centímetros a tubaría de auga e agora co busca fugas óese menos porque hai unha cobertura de trinta centímetros e a tubaría está a dous metros e medio e os últimos trinta centímetros teñen que ser cunha picadora porque en bastantes tramos puxeron unha capa de formigón, que contaba con iso suponse que fan a estrada e non teñen que tocar a entubado do auga, por iso digo que temos situacións complexas e vemos que facerlle fronte.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que en canto as manifestación que fixeche sobre o tema da modificación que ten que ser así como di o Real Decreto nos entendemos que en canto o tema do auga queríamos poñer mais cartos aquí xa, eu creo que debíamos de poñer máis cantidade xa.

Responde o Sr Alcalde manifestando que aínda non sabemos o resto das obras que hai que facer, nós metemos os cartos para as obras que xa sabemos que hai que facer, o resto das obras estamos man a man con Augas de Galicia deseñando todo o tema de abastecemento e segundo van chegando proxectos imos liberando cartos o nos 20% de aportación municipal pero de momento non temos nada máis é una cousa de Augas de Galicia, son 6 km dunha tubaría de 350 e un depósito de 3000 metros cúbicos entón loxicamente iso non se arranxa un modificado de crédito.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en base ao que nos ves explicando ti en canto o auga e agora isto, o tema é o seguinte, nós temos que poñer unha cantidade para o obras no concello, que si nós agora, que si co remanente de tesourería non nolo deixan facer temos que ir a un modificado de crédito ti tamén nos informaches nun pleno que teríamos que ir a un modificado de crédito.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que aínda non se sabe a cantidade, Augas de Galicia aínda non pechou o total da inversión para saber cal é a nosa parte.

Continua o Sr. José Manuel Cendán Fernandez sinalando que todos os cartos que se puideran dispoñer do remanente que se puidera aplicar aquí porque sabemos que vai facer falta.

Responde o Sr Alcalde dicindo que hai que ter unha motivación, non temos proxecto nin certificación de Augas de Galicia nin nada, pero non nos dixeron nada máis.

Continúa novamente o Sr José Manuel Cendán Fernández dicindo que a votación vai ser a abstención, cambiamos o voto porque despois da explicación túa quedounos un pouco mais claro e ímonos a abster.





O Sr. Alcalde somete o punto a votación tal e como está redactado.

Sometida a votación a **“Convalidación da Resolución da Alcaldía Presidencia núm. 258/2020 de 17 de xullo de 2020, pola que se presta aprobación o Expediente de Modificación de Crédito Suplemento Crédito núm. 05/2020 financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais COVID-19”** o concello pleno por 10 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2BNG) e 3 abstencións (3PP) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.4. Proposta da Alcaldía de aprobación Convenio de Colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares, para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS, MUGARDOS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Fene, Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Carlos Ladra Brage, con NIF 76415880-J, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugar dos, Juan Domingo de Deus Fonticoba, con NIF 32677655-Z, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con NIF 32649737-D en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para abrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo.

EXPOÑEN

-Os Concellos de Fene e Cabanas son copropietarios dun punto limpo sito no polígono industrial de Vilar do Colo, segundo consta en acta de recepción de 19.12.2013.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL). no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios,





servizos e recursos doutra administración pública para o exercizo de competencias propias ou delegadas.

-O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre sí mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos de Fene e Cabanas suscribiron un convenio asinado o 12.02.2019 para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo mediante unha xestión indirecta compartida do servizo que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente acordando que o concello de Fene administre o procedemento de contratación e aprobando o regulamento regulador do servizo, que foi publicado no BOP DA Coruña no número 245 do 26.12.2017.

-Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración do estudo económico para a prestación do servizo aos cinco Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de 95.512,96€ + 9.651,30€ de IVE (custe total=106.164,26€)

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, o/as alcaldes/a asinantes suscriben este convenio en base ás seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios o Concello de Fene e Cabanas.

O punto limpo de Vilar do Colo prestará servizo aos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares.

Segunda.- Forma de xestión

O servizo do punto limpo de Vilar do Colo prestarase mediante unha xestión conxunta indirecta que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente.

Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.

Terceira.-Entidade contratante

O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta dos Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.





As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

Cuarta.- Regulamento

O regulamento de uso do punto limpo de Vilar do Colo é o aprobado polos Concellos de Fene e Cabanas e publicado no BOP da Coruña número 245 do 26.12.2018.

Calquera modificación substancial do Regulamento que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes.

Quinta.-Obrigas económicas

5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en proporción á súa poboación conforme ao datos poboacionais oficiais do INE para o 2019.

Conforme aos datos oficiais de poboación, resultan as seguintes porcentaxes:

- Fene: 47,58 % (12944 hab)
- Ares: 21,07 % (5732 hab)
- Mugardos: 19,28 % (5245 hab)
- Cabanas: **12,06 % (3281 hab)**

5.2.-A adjudicación do contrato administrativo deberá ser notificada polo Concello de Fene aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde.

5.3.-Por parte do Concello de Fene darase traslado aos Concellos asinantes dunha copia do contrato administrativo formalizado, xunto cunha notificación da cota definitiva que deberán aportar todos os meses e transferir ao Concello de Fene.

Procurarase que o contrato dea comezo a principios de mes, e senda a facturación a mes vencido, os Concellos ingresarán as cotas mensuais antes do día 20 de cada mes, cotas que corresponderán ao servizo prestado e facturado polo xestor do punto limpo o mes anterior.

A notificación da formalización do contrato administrativo determinará a reivindicación da abriga de ingresar ao Concello de Fene as cotas mensuais correspondentes durante toda a vixencia do contrato, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava.

5.4.-As cotas mensuais a transferir ao Concello de Fene deberán facerse antes do día 20 do mes que corresponda conforme ao disposto na cláusula 5.3, coa finalidade de que o Concello de Fene poida dar cumprimento á normativa sobre morosidade no pago a provedores.

Sexta.-Incumprimento de abrigas.

6.1.-O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Fene as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a abriga automática de transferir ao Concello de Fene os intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irrogue ao Concello de Fene por mor do dita incumprimento.





6.2.-0 retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas ao Concello de Fene suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor, estando abrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da financiación á que se tivera comprometido coa sinatura deste convenio ata a finalización do contrato administrativo, sen incluír as súas posibles prórrogas, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

O Concello de Fene deberá notificar este feito ao resto dos concellos asinantes.

Os importes desta financiación deberán transferirse anualmente dentro do primeiro mes do ano natural, agás no ano da rescisión, no que se deberá transferir nos prazos fixados pola normativa tributaria, unha vez recibida a oportuna notificación da liquidación que corresponda polo Concello de Fene.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Fene nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán abrigados a sustentar o contrato administrativo a partes iguais respecto da cota deixada de pagar, xunto ás posibles indemnizacións ou intereses que se xeren e que se distribuirán nos mesmos termos e previa notificación ao efecto por parte do Concello de Fene.

A parte proporcional a abonar por cada concello deberá incorporarse ao pago mensual ao que se compromete cada concello, sen prexuízo de que o Concello de Fene poida emitir liquidacións complementarias coa finalidade de dar cumprimento ás abrigas derivadas do contrato administrativo e evitar o pago de danos e prexuízos ao contratista.

Estas liquidacións complementarias deberán transferirse ao Concello de Fene no prazo máximo de 15 días naturais.

6.4.-En todo caso, calquera dano e prexuízo reclamado ou recoñecido que se xere ao contratista por falta de pago nos prazos legais establecidos e que non sexan imputables ao Concello de Fene, deberán ser sufragados polo Concello que provoque o incumprimento, previa liquidación ao efecto que lle será notificada polo Concello de Fene e que se deberá ingresar nos termos da normativa recadatoria.

Sétima.-Comisión de seguemento.

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguemento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, asistidos, no seu caso, do/as respectivoa/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio

-Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo

-Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato

-Acordo sobre as prórrogas do servizo





Oitava.-Duración, entrada en vigor e rescisión.

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase coa desaparición do seu obxecto.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán abrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acreedor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Fene.

8.3.-Fóra do suposto previsto de rescisión automática da cláusula sexta, o contrato poderá rescindirase polas seguintes causas :

- Mutuo acordo das partes.
- Mutuo acordo dos Concellos de Fene e Cabanas de non prorrogar o contrato.
- Resolución administrativa do contrato
- Decisión de non prorrogar o contrato

No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio con ocasión dunha prórroga contractual, sempre que o resto de Concellos asinantes si decidan prorrogar, o resto de Concellos que desexen manter o contrato virán abrigados a financiar a partes iguais os custes que se puideran derivar deste feito, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

Disposición adicional primeira.-Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Fene e Cabanas o "Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo" no que se opoña a este convenio.

Disposición adicional segunda.-Os concellos asinantes comprométese a financiar conxuntamente de acordo coa proporcionalidade prevista na cláusula 5.1 o custe do estudo económico da xestión do punto limpo de Vilar do Colo que servirá de base para a contratación do servizo e que foi pagado polo Concello de Fene e Cabanas por uns importes de 4.114 €, IVE incluído, segundo facturas das que se dará traslado a todos os concellos. Segundo a dita proporcionalidade os importes que corresponde sufragar a cada concello son os que seguen:

Fene: 1957.44 €

Ares: 866,82 € Mugardos:793,18 € Cabanas:496,15 €

No prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da sinatura deste convenio, os Concellos de Ares e Mugardos transferirán ao Concello de Fene os importes que lles corresponde abonar por este concepto e o Concello de Fene transferirá ao Concello de Cabanas o importe de 467,37 € correspondente á parte da facturación por este concepto abonada de máis conforme ao reparto aprobado nesta Disposición."

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto é para someter a aprobación o convenio de colaboración entre os Concello de Fene, Cabanas, Mugardos e Ares, unha vez que o concello de Neda queda fora pois sería Fene, Cabanas, Mugardos e Ares. É un tema que urxe, e que si nun primeiro momento foi Cabanas o que o atrasou enormemente, despois Neda que non sabía si quedaba dentro ou non, finalmente quedaba fora, pois agora é Mugardos non damos pechado





unha reunión con Mugardos porque a interventora teletraballa, e como teletraballa pois non atopamos o momento de ter unha reunión para pechar este tema pero o Alcalde de Fene e eu mesmo decidimos darlle un impulso e non esperar por ningún o que queira quedar dentro queda e o que non pois non, e efectivamente é impensable que isto leve catro anos e que sigamos vencendo obstáculos que existían, existía o de Cabanas, vencido, existía o de Neda, vencido, pero o que non existía e que non podamos ter unha reunión os alcaldes porque a interventora non da ido ao concello isto non se veu na vida e efectivamente non pode ser e ímolo a sacar adiante e si non o sacamos agora non o ano que ben estará funcionando e temos graves problemas de vertidos en camiños, aínda así aínda tendo o punto limpo os seríamos igual pero desde logo co punto limpo sería menos xustificación para castigar os comportamentos incívicos que estamos vendo con vertedoiros ilegais de motos sitios do rural entón solicito a aprobación de ese convenio e para explicar o voto abrimos una quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervención e dálla a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que este é un tema que xa levamos moitos anos con el, atrasouse o procedemento e si que é urxente poñer en funcionamento xa, Eu creo saber cal foi a motivación do Concello de Neda para saír do convenio e dalgunha maneira queríamos saber si o feito de que Mugardos aínda se este valorando e que o concello teña problemas para levalo a cabo como dicía agora o Alcalde, si esto se pode levar agora adiante cos concellos de Ares, Fene e Cabanas e empezar a funcionar e logo Mugardos cando este listo que se adhese se iso podería ser, ou simplemente estamos ante unha aprobación que non vai ter sentido mentres non se resolva o problema que di o Alcalde co concello de Mugardos.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que Neda di que lle sae máis barato estar con Rilo, leva a xestión con Rilo que lle sae mais económico dende Neda levar as cousas a Rilo a Catabois, lle sae máis económico porque ninguén usa o servizo porque queda a desman, pero iso non significa que non teña vertedoiros ilegais, simplemente lle sae máis barato, nós apostamos por un servizo de proximidade no polígono de Vilar de Colo e tamén é certo que a Neda lle quedaría tan lonxe como Catabois e efectivamente lle sae máis barato e a Ares, Fene, Mugardos e Cabanas lle que máis preto, Neda ten varias razón polas que non quere participar e aprobalo sería meterlle presión a Mugardos e en consecuencia é dicir nos tiramos e Mugardos ten interese e non pode descolgarse disto, e efectivamente non vai a facelo, ten o problema que ten que é a interventora e o que se lle di e que queremos aprobalo e non podemos esperar por ti, é un tema que non creemos que se deba marcar un obxectivo, que este teletraballando non é una razón para atrasalo, para outras cousas e outras situacións si, pero isto non xa levamos motos retrasos e hai que sacalo xa, e en consecuencia pos é a razón de ser.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o seu voto vai ser a favor, e que lle parece que a situación e lamentable por parte do goberno local, nos isto o tiñamos concedido no ano 2006 a Ares pola Dirección Xeral de Calidade Medioambiental eu falei con Mugardos e o íamos a poñer en funcionamento, atrasouse e anos despois co cambio na Xunta non sei que pasou pero estamos falando de 14 anos de atraso e iso hai que poñelo en funcionamento o vemos ben o tema de Vilar do Colo o vemos razoable e cantos máis concellos mellor porque máis económico nos vai a saír, eu creo que o do concello de Neda non ten xustificación porque é entrar na autovía e son tres minutos, ten que haber outros intereses pero si estamos en mancomunar servizos e podemos economizar creo que o mellor sería que este concello incorporárase tamén a este convenio, porque cantos mais sexamos mais barato nos vai saír, haber si de unha vez ponse en funcionamento.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.





Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que cree que si o aprobamos este ano entraría en vigor o ano que ven, é dicir ¿sería necesario aprobalo este ano para que entre en vigor o ano que ven, ou é independente de cando se aprobe?.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é necesario aprobado este ano para convocar e licitar a xestión, se non o aprobamos non podemos licitar a xestión porque vai a ser xestión directa, non vai a ser una xestión indirecta, entón hai que licitar a xestión do servizo e mentres non se aprobe isto non podemos sacar a licitación, si o aprobamos agora calculamos que a licitación da xestión pode durar ata decembro, as datas é un pouco a razón das presas.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que a dúbida está no caso de Mugar dos que quede sen aprobar si iso vai ralentizar o proceso.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que sen dúbida algunha.

Continúa o Sr. Mesías Farías sinalando que non se pode licitar ata que non o teña aprobado Mugar dos, isto tamén é una medida de presión de Mugar dos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, é unha medida de presión.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías preguntando quen vai ser o encargado de licitar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que Fene, igual que a depuradora levouna Ares, e a piscina Mugar dos sería Fene, sempre é onde está situado o servizo municipal, aquí hai lío entre Fene e Cabanas porque está situado en non sei cal dos dous sitios e mercado polos dous concellos, hai un lío de campionato pero eu creo que ao final o Secretario de Cabanas informaba negativamente eu creo que Fene asumiu a xestión.

Sometida a votación a **“Proposta da Alcaldía de aprobación Convenio de Colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas, Mugar dos e Ares, para a xestión compartida do Puto Limpo de Vilar do Colo”** o concello pleno por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.5. Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm.6. Mocións-Propostas

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción.

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Hai unha moción presentada polo grupo P.P.

Dáse conta da moción presentada polo P.P. “Moción para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das Entidades Locais” de data 22 de xullo de 2020 que a continuación se transcribe:





MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE ARES, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

Jase Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Concello.

O Grupo Municipal Popular no Concello de ARES conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforras", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles abriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais - de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforras dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación





coas CC. AA e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforras municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforras acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforras durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforras do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de ARES, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

O compromiso do Concello de ARES, coa Leí de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforras que agora reclama o goberno central.





O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforras acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSFJ para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.

Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que hai una moción pola vía de urxencia que presenta o Partido Popular para instar ao goberno de España de non apropiarse dos recursos das entidades locais, hai unha exposición de motivos que serían obxecto de debate e una acordos que serían obxecto de votación. Esta moción non foi a comisión e le vexo varios inconvenientes, aquí acordamos que todas as mocións pasaban por comisión informativa para ditame.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que esta moción é presentada hoxe aquí e poderes léela con detemento porque isto xa o falamos, o falaches ti Sr. Alcalde e falamos todos do tema do remanente e de non as axudas directas de Europa aos concellos nin por parte de Europa nin do Goberno Central, pero parece ser que houbo unha reunión da FEMP na cal por parte do Presidente do Alcalde de Vigo chegouse a un acordo por unanimidade de todos os grupos políticos unha serie de medidas que non se debían levar por parte do Goberno que sería quedarse co remanente dos concellos, creo que iso está aprobado por unanimidade de todos os grupos políticos de este país que están representadas na FEMP e que se cumpra o aprobado por todos na FEMP porque parece ser que a finalidade é coller o remanente dos concellos e devolveo en dez anos, os concellos non está para iso e menos despois de presentarse a situación como se presentou que os concellos tiveron que facer fronte a unha serie de gastos e o que é lamentable e que os concellos teñen que cargar con todo e que aínda encima non permitan utilizar os aforros que por parte dos veciños/as e das administracións locais se levaran.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que pediría que quedara pendente para comisión é dicir, non é tan urxente como para que teña que ser votada hoxe, eu creo que pode esperar a





comisión e dictaminarse en comisión porque efectivamente salvo esas moción que son urxentes e que aprobamos a urxencia, pois esta non é, porque aínda está por definir aínda están en negociacións e aínda o tema non está claro na FEMP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que houbo unha aprobación por unanimidade de todos os partidos políticos incluído o PSOE e o único que queremos e que se cumpra, ese é o noso obxectivo porque foi a aprobada por unanimidade de todas as forzas locais.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non ten porque ser hoxe, non hai a urxencia de que teña que ser hoxe e polo tanto non hai urxencia para que isto non pase por comisión, diremos que tiña que pasar por comisión excepto as urxentes e aquí non hai urxencia, non hai necesidade de manifestarse sobre isto hoxe porque para a semana ou dentro de dúas semanas podemos entón, eu creo que efectivamente isto tiña que quedar para comisión, si o aceptas isto quedará para comisión e senón teremos que votar a urxencia.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP que é o que decide votar a urxencia ou levala a comisión.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que lle da igual.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que a moción queda para a comisión.

Punto núm.7. Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que está habendo bastante lío co tema dos aparcadoiros da entrada en vigor, onde si e onde non, da información e cales son as zoas e cales non, e ademais una cousa concreta que é con algunha sinal, por exemplo a final de prohibido que hai indo para Estacas, tanto de Ares a Estacas como de Lubre a Estacas, hai una sinal de prohibido o paso excepto residentes, isto era unha confusión porque realmente que se entende aí nesa sinal, que se entende aí por residentes, entendese polos que viven aí, distinto é o que se acordou na ordenanza de aparcadoiros porque xa especifica que residentes son todos aqueles que non, pero eu creo que en cuestión de tráfico con esa sinal, residentes son os que viven exclusivamente aí, igual é así pero esta indo xente as praias que sendo de Ares que entender que si porque son de Ares entón, nos pedimos unha aclaración a ese respecto.

A segunda cuestión é, cando tedes pensado que vai a entrar en vigor a ordenanza que creo que vai a estar publicada estes días no BOP non sei si finalmente se publicou, cando vai a ser esa publicación e cando vai a entrar en vigor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que algunhas das preguntas que ía a formular xa as fixo o voceiro do BNG e xa non as vou a realizar, en canto ao tema do Palco que hai moito cachondeo aí, non hai forma de controlar iso un pouco falar ca Garda Civil porque aí de noite é un desmadre e pasa un pouco o mesmo no parque do Porto van os mozos e van a armar lío.





En canto a praia de Estacas que xa expuxo Emilio, eu pediría convocar unha comisión ou unha xunta de voceiros e falar deste tema, dos aparcadoiros e das terrazas, creo que habería que darlle unha volta e mirar se entre todos podemos facer algo porque a nós parécenos ben que se lle dea facilidades a todo o mundo pero hai algunhas medidas que repercute máis o que imos a molestar do que imos a conceder, eu creo que a iso habería que darlle unha volta, convocar unha comisión e a ver si entre todos podemos achegar algunha opinión máis e perfeccionar esa situación.

En canto as resolucións 240/20 e 242/20, a 242/20 e a resolución do recurso do hostel e a 240/20 é o contencioso-administrativo que presenta Francisco Pena Permy que non sabemos de que se trata.

En canto as praias hai días que a xente se queixa de que non están limpas que se revise por parte do concelleiro porque hai queixas.

O Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas, en canto as sinais de residentes e non residentes, hai que reiniciar os plans, as de aparcadoiro son para o concepto da ordenanza é dicir, para as zoas do aparcadoiro o concepto é o da ordenanza serían para todos os residentes tanto permanentes como eventuais que cumpran ca ordenanza, dende esa perspectiva o tema de residente para a zoa de aparcadoiro ven definido na ordenanza. Fora da ordenanza, é dicir o acceso permitido a determinadas zoas municipais é o que prohibimos, a xente di que é ilegal prohibir que a xente vaia as praias que son públicas, aquí non se prohibe ir a praia, prohibese ir en coche e como si me din que é anticonstitucional que non me deixen ir a quintana a quintana podo ir a pé, efectivamente esas sinais son para residentes na zoa, que intentamos que non haxa coches nos campos de trigo, cebada e que non haxa coches nas zoas peonís e costeiras, isto está sen definir pero o dos campos de trigo e cebada é unha razón e non fai falta sinal, hai algunha sinal que diga que non podes aparcar nun terreo de trigo, ese terreo non é teu e non podes entrar, se ti aparcas no trigo hai un dano, fai falta especificar iso, non. Nas sendas eu creo que hai que especificalo, son sendas de costas non sinalizadas, a xente mete aí o coche e o deixa ao lado. É certo que agora conseguimos que os non residentes non metan os coches nas sendas peonís en Estacas e en Centeás vendo esta sinal, pero o residente en Ares pensa que igual que as sinais de aparcar, efectivamente pasa ben pois o seguinte é poñer sinais na senda peonil de costas entón, todos eses camiños costeiros no fondo son tramos de sendares, ningún concello deixa aparcar é certo que nos temos sinalizados os tramos de sendeirismo e que non hai sinal de non aparcar, e temen é certo que este concello ten que facer un exercicio de reflexión si estamos obrigados a ter aparcadoiros ata nas calas, en espazos naturais porque unha solución pode ser que pase todo o mundo e prohibido aparcar nas sendas peonís e o tema é si decidimos facer aparcadoiro si é para residentes ou non residentes porque si é para residentes chega e si e tamén para non residentes iso é un efecto chamada para que se encha Estacas ata a bandeira con COVID e sen COVID entón sobre iso hai que reflexionar que fixemos agora, Alcalde Estacas está cheo que facemos, pois tomar medidas, e cal é a medida, non deixar pasar a ningún coche, non deixar ir aos residentes e tratalos igual que aos non residentes, pois que fai Valdoviño e Cabanas e priorizamos residentes, poñemos unha sinal excepto residentes, e polo menos quitamos os coches dos non residentes, que os residentes deberían ser os que viven alí, ben si ao final complementamos con sinais de prohibición nas sendas peonís xa da igual, danos igual que un residente en Ares pase por aí porque quere ir a Cervas se o obxectivo é que non poda aparcar na senda peonil, unha vez que non poda aparcar na senda peonil de costas, eu creo que cando poñamos sinais de prohibición nas sendas peonís esa sinal sobre porque pasar non é o problema, o problema é que se mete en Estacas e en Centeas entón como a sinalización de esas sendas peonís é máis complicada





porque hai que falar con Costas e demais pois o resolvemos da maneira máis rápida, excepto residentes que conseguimos pois que haxa menos coches, que pasen que por pasar non fan dano, pero cal era o obxectivo que non cheguen ata Estacas e Centeas que é o tema que temos que falar con Costas e si a Costas lle parece razoable tamén ofrecer alternativas de aparcadoiro ou non, ese é o seguinte debate pero de momento resolvemos limitando o acceso para dividir o aforo porque Estacas e Centeas enchese, agora van os de Ares ben, pois xa son menos pero o problema non é que pasen o deixen de pasar iso foi unha solución inmediata porque o problema é que se meten ata onde se meten.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que coa lei na man a policía pode multar co esa sinal a que non respecte esa zoa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que poden facelo, pero a policía sabe que foi unha solución para un tema. A final de Sabadelle que tamén é excepto residentes a policía a puro para que non haxa aglomeración entón, o obxectivo é que a praia vaian con seguridade e distancia, só se consegue seguridade si vai menos xente como son praias que por comodidade hai que ir en coche pois poñendo excepto residentes quitamos todos os coches de non residentes entón, sabe que ese é o obxectivo, si un policía vai a Sabadelle e ve un coche de xente de Ares non o vai a multar, pero si ve un coche de un de Narón si o vai a multar .

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando si o multa pasando ou aparcando.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que pasando.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías manifestando que no aparcadoiro si que se multa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, que no aparcadoiro si que se multa porque para chegar a praia tiveches que pasar por alí entón, o estar aparcado xa presume q cométese a infracción porque a única maneira de chegar e pasar por esa estrada entón se a ti te collen alí aparcado ante a multa porque para chegar alí tiveches que pasar non respectando a sinal entón que se denuncia, non o aparcadoiro vaise a denunciar o circular por unha dirección prohibida, se alguén aparca nunca parcela privada co permiso do propietario non o podemos denunciar por aparcar mal entón o denunciámos porque para chegar ata alí foi por dirección prohibida entón a multa é por dirección prohibida.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si vanse a multar aos residentes de Ares, entendendo residentes o que xa está na ordenanza, a eses residentes entón, eu entendo que non se van a multar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, só os non residentes aínda que o obxectivo e deixar esa sinal, deixar que pase todo o mundo porque pasar non é o problema, o problema e que aparquen nos acantilados o problema de fondo é dicir que esas son sendas peonís é dicir, os camiños de Costas son peonís, son sendares, son de sendeirismo e non pode haber coches entón, unha vez que consigamos formalizar e sinalizar con Costas xa nos da igual que a xente circule por aí, porque non pode aparcar onde non queremos que aparque porque son sendas entón efectivamente como iso hai que falalo con Costas pos decidimos poder una solución e a decisión foi esa.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que en canto a ordenanza este pendente da sexa publicación no BOP, creo que vaise publicar mañá ou pasado co que a partir de mañá ou pasado entraría en





vigor e entraría en aplicación dentro dos marxes que podemos é dicir, aínda estamos resolvendo solicitudes de tarxetas entón con eses marxes, a efectividade total será cando saibamos todos os coches que poden facer unha cousa ou outra, e de momento hai montas solicitudes que esperemos que se resolvan de maneira inmediata pero en calquera caso si insisto, a ordenanza é necesaria para regulación das zoas azuis, as sinais entran en vigor ao día seguinte da publicación, de onde xa pon ágora prohibido aparcas excepto residentes iso non necesita ordenanza para entrar en vigor o que pasa é que a policía con bo criterio decidiu non denunciar ata que a ordenanza entrara en vigor pero xa está prohibido aparcas, outra cousa é a decisión da policía de non multar ou denunciar ata que o conxunto este aprobado o que si existe na ordenanza e que mas zonas azuis de 11:00 a 13:00 e de 17:00 a 19:00 faga que pagar 1€ iso entra en vigor non só porque este na sinal senón tamén na ordenanza pero o resto xa está en vigor o que pasa é que a policía non denuncia ata que este o conxunto aprobado.

En relación ao Palco, vou todas as noites onte fun as 00:00 a 01:00 e as 03:00 da mañá, vou todas as noites e o problema do Palco é polas tardes, a partir das 20:30 cando a xente ven da praia que se poñen a comer en grupo, cando está prohibido comer en grupo, cando se poñen sen mascarillas cando hai que poñer a mascarilla, tiran chicles ao chan, pónense de pé nas mesas de pimpón, rompen os paus dos bancos e xogan a pelota, iso é insoportable e en moitos casos cos pais diante en consecuencia orde, cumprimento estrito das medidas resultado, xa hai denuncias, xa hai menores denunciados aos cales se lles está tramitando a sanción correspondente , a policía vai tres veces ao palco, tres veces, o que non podemos pretender é que o prohiban, o que non podemos pretender e que non vaian, o que non podemos pretender e que no Palco non se faga o que fixemos os nenos sempre, estar en bicicleta, xogar ao pimpón, sentarnos a falar ou a correr uns detrás de outros, o que non se pode pretender é iso, iso é o que non se pode pretender e non se pode pretender é que os nenos molestan sempre porque é mentira, o sábado non houbo botellón estiven alí 00:00 a 01:00 e as 03:00 como houbo botellón si choveu, o sábado a 01:00 había oito cativos sentados no palco porque chovía e estaban sentados falando sen molestar a ninguén, onte as 00:00 xa non había ninguén, e volví a par a 01:00 e as 03:00 da mañá e non había ninguén, o que pasa é que hai unha cantinela cos nenos no palco hai que non os quere alí igual que non os queren no parque do Porto, e os nenos están mellor alí que escondidos e a vista de todo o mundo, mancharan pero alí non beben, tiraran pipas e papeis no chan pero non fuman porros agora hai xente que quere o Palco para eles e xa pasaba cando eu era neno, cando era neno xa pasaba e co pai de alguén que xa protestaba e segue protestando e da mesma familia, alí vive a miña sogra e alí vivín eu sei o que hai, a miña sogra está alí e si protesta quen o padece a miña sogra e o resto dos veciños tamén o teñen que padecer e o que non se pode estar continuamente conque os nenos molestan, pois os nenos non molestan, que hai un día unha situación, pois vai a policía e hai denuncia porque vai, e no verán e para estar os nenos ata as 00:00 ou ata a 01:00 que quere que se vaian as 22:00 para casa, é que non é normal, e con todo o que está pasando, coa pandemia e con todo o que está pasando, por favor, vai a policía e denuncian o que teñen que denunciar pero alí é unha zoa de xogo e teñen que xogar, é unha zoa onde teñen que estar porque teñen que estar e si comen patacas fritas non fuman porros, e si están alí non están noutra esquina que efectivamente rompen cousas, claro que rompen cousas, rompen un banco e se arranxa anda que non rompíamos nós bancos e que están en verán ata as 00:00 ou a 01:00 e que queren que se vaian as 22:00 para casa, que tiran os chicles ao chan e que queres, pois haberá que ir a limpar, que temos que facer pechalo, vallar e que non vaia ninguén para quitar os chicles, algo que se pode facer en inverno que non hai ninguén, temos que sacar os chicles agora cos nenos xogando que os votamos de alí entón, é a cantinela de sempre que xa o sufriu eu de neno e da mesma casa, e iso me cabrea porque logo os vemos escondidos por aí e están facendo algo e os nenos están no palco e pasas por alí e da gusto velos, que tiran cousas ao





chan, enfastía, que están os pais vendo, enfastía, que os pais tiran as pipas ao chan e tiran máis cousas que os nenos, enfastía, que se colgan dunha rama para coller cereixas, claro que enfastía, pero cal é a alternativa, decirme cal é a alternativa, ter un policía todo o día chamando a atención aos nenos, non deixando andar en bicicleta, pechando ou poñendo horario como di algún que quere poñer horario, e quen vai as 23:00h a botar aos nenos, que hai que poñer aforo, e quen conta aos nenos e cando haxa 25 botamos ao resto pois ben, efectivamente non, e como é unha cousa que padecín de neno e pinchábanme as pelotas e nunca fun futbolista nesa praza, pois non o consinto e menos nestas circunstancias, non é certo, pode haber algunha situación pero en verán ninguén vaise a casa as 22:00h e o Palco está sucio porque úsase, decirme a alternativa, decirme a alternativa, ter un policía alí, poñer aforo, poñer horario, pois efectivamente doeme que os nenos molesten, porque no Palco hai nenos, non se están drogando, nin fumando porros, nin a navallazos, hai nenos e os nenos andan en bicicleta, tiran cousas ao chan e iso é o que hai que corrixir. A policía vai tres veces e a que non ten a mascarilla o denuncian, ao que tira cousas ao chan dinlle que non as tire ao chan, e cando hai un banco roto avisa para que se colla a madeira e se arranxe, a miña sogra tiña trece paos dos bancos gardados no seu portal, cada vez que rompían un pau a miña sogra o recollía avisaba e ían os da nave e o colocaban e claro que é un incordio, pero o que non pode ser é a cantinela dunha familia que histórica e permanentemente lles molesta que se xogue no Palco e xa está ben porque xa hai tradición sobre iso e son os nosos fillos, agora non son os meus pero no seu momento tamén foron os deles, os que protestan no seu momento tamén estiveron xogando co meu alí, entón non pode ser e menos coa pandemia e con esta situación que efectivamente estase a producir.

En canto as terrazas e o aparcadoiro canda queirades, nunha reunión do COVID ou nunha comisión, cando queirades vemos as terrazas, os aparcadoiros iso está aberto porque, porque este ano nos enfrontamos por primeira vez a unha ordenanza de terrazas que nunca tivemos e pode ter os seus fallos e o do aparcadoiro aínda estamos estudando como levalo a cabo entou aquí si que os pido axuda e si que quero escoitarvos porque creo que é algo onde todos podemos aportar. O debate das terrazas e o de o aparcadoiro está aberto, o que imos facendo non é a cegas porque copiamos ordenanzas doutros sitios, tanto a de terrazas como a de aparcadoiros pero logo hai que ver como se regula e ver a casuística para iso temos a xunta de voceiros do COVID-19 que reúnese unha vez a semana e onde agradezo a vosa colaboración porque creo que é histórica que nunca se viu posiblemente dende un punto de vista dun goberno municipal e cunha situación tan urxente pois nunca se viu un bo ton, aínda que non houbera un bo ton o ton é o de menos si houbera entendemento que cada un é como é, uns gritan máis e outros menos, eu teño o meu temperamento e eu sei que non son fácil pero agradecese sen dúbida algunha esa colaboración que nos fixo facer seguramente as cousas mellor e ter unha perspectiva maior, iso agradecese e seguiremos coa xunta de voceiros do COVID o que faga falta, eu digo que facemos o aparcamento o temos cerrado, acertamos con isto ou con isto outro e o das terrazas é un problema, ven xente solicitando máis mesas pero unha cousa e pechar a rúa para que teñas terraza porque non tes outra posibilidade e outra cousa e pechar a rúa para que teñas catro mesas mais e non é así entón claro que hai necesidade de atopar unha interpretación harmónica, unánime, coherente que non xere nin o mínimo atismo de discriminación, temos que ter criterios uniformes.

A resolución 240/20 é una responsabilidade patrimonial da que non teño nin idea non sei que pide non porque, si alguén o sabe que o diga.

Intervén a concelleira a Sra. Barrón Ferro sinalando que é de unha caída na rúa do mercado.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que é alguén que caeu e dirá que a culpa é nosa por ter o firme mal, non teño moita información e o do hotel Vila de Ares xa o dixen aquí, é o único establecemento de Ares que non en licenza, o único, porque si tiveramos máis aínda poderíamos dicir que a culpa é nosa, que non o fixemos ben, que iso pasa a miúdo pero é o único, conseguimos que todos os comercios e todos os establecementos hosteleros de Ares teñan actividade menos o hotel, menos o máis importante, o que ten aloxamento, café-bar, restaurante, e aínda encima fai banquetes e pon música en ceas é dicir ata sala de festas pois ben, o máis complicado e non ten licenza efectivamente si aí un camareiro se contaxia por COVID, un cliente contaxia COVID e se produce un confinamento como se está a vivir no hotel Finisterra na Coruña co Fuenlabrada se aí pasa algo, querédesme explicar como dicimos que aí non hai licenza e que non tendo licenza o deixamos aberto, un camareiro contaxiado de COVID unha persoa de Madrid ou doutro sitio aloxase unha noite e contaxiase do COVID, querédesme dicir como explicamos que está funcionando, pos ágora podemos explicalo, ten orden de peche, abriu quebrando, infrinxir unha orde de peche baixo a súa responsabilidade, e esta é a realidade, arranxar non se arranxaba porque non hai maneira de razoar con el, ven aquí cóntache una milonga das centro vinte e dos que connota e seguiríamos crendo e diría esta mirando non sei que, e seguiríamos créndoo e seguiría vindo a contar milongas porque é ao que ven, a contar milongas pois ágora non ten que contar ningunha milonga se abre é baixo a súa responsabilidade.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

